

SITUACIÓN LABORAL DAS MULLERES EN GALIZA

Ano 2025

Gabinete Técnico Confederal



SITUACIÓN LABORAL DAS MULLERES

NO MERCADO DE TRABALLO

(Ano 2025)

A presenza das mulleres no mercado laboral en Galiza é cada vez maior. Na actualidade, practicamente existe o mesmo número de mulleres que de homes en activo. Porén, o que non se igualou é a súa situación laboral nin as condicións nas que participan no traballo, manténdose uns maiores índices de precariedade no caso das mulleres.

Boa parte da desigualdade entre homes e mulleres existente na actualidade é froito da falta de servizos sociais públicos que alivien a carga do traballo non remunerado, que continúa recaendo de maneira desproporcionada sobre elas. Son aínda moitas as mulleres que non poden acceder ao mercado laboral por ter que asumir tarefas no ámbito familiar. E son tamén numerosas as que, ao incorporarse ao emprego, o fan en condicións precarias —traballo temporal, xornadas parciais, etc.— que lles permitan compatibilizar o traballo cos coidados familiares.

A falta de apoio público faise visible ano tras ano nos Orzamentos da Xunta. Os previstos para 2026 amosan claramente un estancamento ou mesmo unha redución do gasto nos programas do subgrupo de acción social directamente relacionados coa situación das mulleres: o programa de apoio á vida familiar, persoal e outros servizos de protección social non experimenta variación; o de accións para a igualdade, protección e promoción da muller apenas aumenta un 1,1%; e o que resulta máis grave, o programa de protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero redúcese nun 1,7%. Todo isto se produce nun contexto de crecemento económico e cun incremento xeral dos Orzamentos do 3,8%.

Se a isto lle engadimos a vaga privatizadora e os recortes de servizos aos que asistimos nos últimos anos, non se fai máis que afondar na desigualdade existente entre homes e mulleres.

Persisten importantes diferenzas de xénero, que se manifestan con especial intensidade na fenda salarial de xénero, entendida esta como a diferenza entre os ingresos brutos de homes e mulleres. Aínda que nos últimos anos esta fenda se reduciu lixeiramente, a devandita diminución débese fundamentalmente ao incremento do Salario Mínimo Interprofesional (SMI), e non a unha mellora substancial das condicións laborais das mulleres.

As variacións no SMI afectan directamente as persoas con menores ingresos, é dicir, a aquelas cuxos salarios se sitúan máis preto do SMI, circunstancia que se dá nunha porcentaxe moi elevada de mulleres. Calquera pequena mellora salarial neste grupo, ao tratarse dun colectivo moi numeroso —arredor do 40% das mulleres concéntranse nos tramos de ingresos máis baixos— contribúe de maneira significativa á redución da fenda salarial de xénero.

Pero a leve mellora da fenda non significa que os ingresos sexan suficientes. Unha das principais necesidades da poboación relacionadas co mercado de traballo, é que o salario permita un nivel de vida digno e que evite a incerteza que provoca a

inestabilidade de ingresos. Os datos amosan que entre as mulleres persiste unha situación de moita maior inestabilidade, a pesar dese acercamento, sobre todo en emprego, que amosan os grandes números.

Imos comezar polos datos da Axencia Tributaria, cuxo informe «Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias» nos permite analizar os ingresos, os ingresos derivados do traballo, da poboación asalariada en Galiza. Os datos que amosa presentan unha alta desagregación segundo sexo, ademais de por actividade económica, idade..., o que nos permite facer unha comparación exhaustiva.

Ingresos salariais

Comezamos expondo como evolucionaron os ingresos salariais brutos anuais medios segundo o sexo nos últimos anos.

Ingresos salariais segundo sexo e fenda salarial de xénero.

	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Fenda salarial de xénero	Diferenza en termos absolutos
Galiza					
2012	17.737	19.865	15.227	23,3	-4.638
2013	17.770	19.820	15.383	22,4	-4.437
2014	17.729	19.746	15.414	21,9	-4.332
2015	17.839	19.899	15.501	22,1	-4.398
2016	18.114	20.243	15.730	22,3	-4.513
2017	18.463	20.554	16.123	21,6	-4.431
2018	19.159	21.327	16.755	21,4	-4.572
2019	19.879	22.038	17.511	20,5	-4.527
2020	19.900	21.887	17.720	19	-4.167
2021	20.784	22.818	18.580	18,6	-4.238
2022	21.999	24.185	19.666	18,7	-4.519
2023	23.252	25.527	20.840	18,4	-4.687
2024	24.232	26.527	21.821	17,7	-4.706

Fonte: Agencia Estatal de la Administración Tributaria (AEAT). «Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias». Extraído de: <http://www.aeat.es>

Convén lembrar que se trata de ingresos derivados dun salario, non do salario propiamente dito. A AEAT, para elaborar este informe, ten en conta as declaracións que as empresas —a través do modelo 190— presentan á Axencia Tributaria sobre as retencións e os ingresos a conta dos rendementos do traballo. Polo tanto, os datos refírense aos ingresos percibidos ao longo do ano por cada persoa, sen considerar nin os días nin as horas efectivamente traballadas.

Con esta información obsérvase que, en termos relativos, a fenda salarial se reduciu nos últimos anos: en 2024 situouse no 17,7%, sete décimas menos ca en 2023. Porén, en termos absolutos, non se produce esa redución, xa que en 2024 as mulleres percibiron, de media, 4.706 euros anuais menos ca os homes.

O Salario Mínimo Interprofesional (SMI) experimentou incrementos significativos nos últimos anos, o que contribuíu á redución da fenda salarial de xénero. Este efecto explícase porque as mulleres se benefician en maior medida cos homes destas subas, ao seren maioría nos tramos de menores ingresos, especialmente entre quen percibe salarios iguais ou inferiores ao SMI. Calquera modificación deste indicador incide, polo tanto, de maneira directa sobre unha parte moi ampla das traballadoras.

Cómpre continuar incrementando o SMI, xa que está a ser, na práctica, o principal instrumento que permite avanzar cara a unha maior equiparación dos ingresos e reducir, cando menos parcialmente, as desigualdades salariais existentes entre homes e mulleres.

Esta afirmación pode fundamentarse comparando os ingresos reais de homes e mulleres cos que percibirían no caso de traballaren todo o ano a xornada completa. Estes datos tamén os facilita a AEAT nun módulo específico do mesmo informe, denominado *Módulo salarial a tempo completo*, no que se calcula o chamado Salario Medio Estimado (SME).

O SME representa, así, unha estimación do salario que correspondería a cada persoa se traballase os doce meses do ano a xornada completa, permitindo illar o efecto da parcialidade e da menor duración dos contratos. Esta referencia resulta especialmente útil para analizar até que punto as diferenzas de ingresos se explican pola menor intensidade laboral das mulleres ou, pola contra, por desigualdades salariais que persisten mesmo en condicións equivalentes de traballo.

A diferenza entrambas as cifras evidencia a importancia de contar cun emprego estable ao longo de todo o ano fronte á situación de non o ter. Segundo os datos dispoñibles, os ingresos realmente percibidos procedentes do traballo asalariado en Galiza situáronse nunha media de 24.232 euros brutos anuais no ano 2024. Porén, de traballaren todas as persoas obxecto de estudo durante o ano completo, os seus ingresos ascenderían até os 30.079 euros anuais, segundo as estimacións da Axencia Tributaria.

Esta diferenza de 5.847 euros anuais pon de manifesto o impacto significativo que a falta de estabilidade laboral pode ter sobre os ingresos das persoas. A imposibilidade de manter unha ocupación ao longo de todo o ano tradúcese nunha redución substancial da capacidade económica, en comparación cun escenario de emprego estable e continuado.

Estas diferenzas son máis marcadas no caso das mulleres que no dos homes.

SMA e SME segundo sexo

	Mulleres		
	SMA	SME	SMA/SME
2022	19.666	26.053	75,5%
2023	20.840	27.559	75,6%
2024	21.821	28.853	75,6%

	Homes		
	SMA	SME	
2022	24.185	28.348	85,3%
2023	25.527	29.870	85,5%
2024	26.527	31.091	85,3%

Fonte: Agencia Estatal de la Administración Tributaria. «Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias». Extraído de: <http://www.aeat.es> Fonte: AEAT

Os datos do cadro anterior evidencian que a maior precariedade nas condicións laborais que sofren as mulleres reflíctese directamente nos seus ingresos. Non só presentan uns ingresos reais —medidos segundo o Salario Medio Anual (SMA)— inferiores aos dos homes, situándose a fenda de xénero no 17,7% no ano 2024, senón que, ademais, a diferenza entre o SMA e o Salario Medio Estimado (SME) é dez puntos superior no seu caso.

En termos concretos, as mulleres percibiron uns ingresos medios brutos anuais equivalentes ao 75,6% do que ingresarían de traballaren todo o ano a xornada completa. No caso dos homes, esta porcentaxe elévase até o 85,3%. Estes datos poñen de manifesto que a menor estabilidade laboral e a maior incidencia da contratación a tempo parcial afectan con maior intensidade as mulleres, ampliando así a desigualdade salarial existente.

A partir da información recollida na táboa anterior, é posible analizar que parte da fenda salarial de xénero se explica por traballar menos días ou menos horas ao longo do ano —é dicir, pola maior temporalidade e parcialidade na contratación que padecen as mulleres— e que parte responde a outros factores alleos ao tempo efectivo de traballo. Entre estes últimos atópanse a rama de actividade na que se concentra maioritariamente o emprego feminino, a categoría profesional ou outros elementos estruturais que condicionan os salarios. No seu conxunto, os datos permiten distinguir entre a parte da fenda derivada das condicións de emprego e aquela que responde a diferenzas na organización, valoración e estrutura do mercado laboral.

Se atendemos aos ingresos reais, o SMA sitúa a fenda salarial no 17,7%. Porén, ao calculala a través do Salario Medio Estimado —é dicir, considerando unha situación de traballo a tempo completo durante todo o ano—, esta redúcese até o 7,2%. Isto implica que 7,2 puntos porcentuais da fenda responden a factores de carácter estrutural, como a actividade económica ou a categoría profesional, mentres que os 10,5 puntos restantes están asociados á parcialidade e á temporalidade na contratación.

A redución da fenda respecto de 2023, cando se situaba no 18,4%, obsérvase no SME, que pasa do 7,7% en 2023 ao 7,2% en 2024. Este feito indica que as condicións laborais das mulleres non experimentaron cambios substanciais; a leve mellora podería explicarse fundamentalmente polo incremento do Salario Mínimo Interprofesional (SMI), que beneficia en maior medida as traballadoras.

En 2024 non só medraron máis os ingresos das mulleres, senón que tamén aumentou en maior proporción o número de mulleres declarantes de ingresos ante a AEAT en comparación cos homes.

Poboación asalariada e SMA segundo sexo.

	2023	2024	Variación
--	------	------	-----------

Sexo	Asal	SMA	Asal	SMA	Asal	SMA
Total	1.083.004	23.252	1.106.738	24.232	2,2%	4,2%
Home	557.327	25.527	567.082	26.527	1,8%	3,9%
Muller	525.677	20.840	539.656	21.821	2,7%	4,7%
Fenda de xénero		18,4		17,7		

Fonte: Agencia Estatal de la Administración Tributaria. «Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias». Extraído de: <http://www.aeat.es>

A pesar de que o número de asalariados e asalariadas é practicamente equivalente, ao distribuílos por tramos de ingresos segundo o sexo afloran diferenzas significativas que explican a elevada desigualdade existente nas medias salariais.

Distribución da poboación asalariada segundo sexo e tramos de ingresos. Ano 2024


			Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
						% total	Distribución por sexo%		
Total	tramos	de	1.106.738	567.082	539.656				
	de salario								
De 0 a 0,5 SMI			185.282	82.678	102.604	14,6	19,0	45%	55%
De 0,5 a 1 SMI			191.576	76.904	114.672	13,6	21,2	40%	60%
De 1 a 1,5 SMI			297.435	154.086	143.349	27,2	26,6	52%	48%
De 1,5 a 2 SMI			174.504	104.658	69.846	18,5	12,9	60%	40%
De 2 a 2,5 SMI			93.442	52.928	40.514	9,3	7,5	57%	43%
De 2,5 a 3 SMI			69.303	38.595	30.708	6,8	5,7	56%	44%
De 3 a 3,5 SMI			37.100	20.533	16.567	3,6	3,1	55%	45%
De 3,5 a 4 SMI			18.494	11.576	6.918	2,0	1,3	63%	37%
De 4 a 4,5 SMI			11.648	7.292	4.356	1,3	0,8	63%	37%
De 4,5 a 5 SMI			7.462	4.483	2.979	0,8	0,6	60%	40%
De 5 a 7,5 SMI			15.481	9.551	5.930	1,7	1,1	62%	38%
De 7,5 a 10 SMI			2.779	2.005	774	0,4	0,1	72%	28%
Máis de 10 SMI			2.232	1.793	439	0,3	0,1	80%	20%

Fonte: Agencia Estatal de la Administración Tributaria. «Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias». Extraído de: <http://www.aeat.es>

As maiores diferenzas concéntranse nos tramos de ingresos máis elevados. De feito, só nos dous primeiros intervalos —aqueles con ingresos inferiores ao SMI— a poboación asalariada feminina supera a masculina. Pola contra, a partir de niveis de ingresos superiores ao SMI, as mulleres pasan a ser minoría en todos os tramos, incrementándose a diferenza a medida que aumentan os ingresos.

No gráfico seguinte percíbese con total claridade.

Distribución da poboación asalariada por tramos de ingresos e sexo.



No ano 2024 en Galiza, os ingresos do 40,2% das mulleres non acadaron o Salario Mínimo Interprofesional (SMI). No caso dos homes, a porcentaxe de persoas con ingresos por baixo deste salario de referencia foi do 28%, o que supón unha diferenza de 12,2 puntos porcentuais menos.

O 40,2% das mulleres obtiveron ingresos inferiores ao SMI. No caso dos homes foi o 28%.

Esta porcentaxe apenas variou con respecto ao ano anterior. En 2023 atopábanse nesta situación o 40,5% das mulleres e o 27,9% dos homes, polo que a evolución foi mínima.

A partir deste nivel de ingresos do SMI, comeza a abrirse a “tesoira”, unha dinámica á que xa estamos afeitas. A medida que aumentan os ingresos, o peso relativo dos homes é cada vez maior. A maior diferenza prodúcese no último intervalo da táboa, correspondente aos ingresos superiores a dez veces o SMI. Neste tramo, o 80% das persoas son homes, mentres que o 20% restante son mulleres.

A desigualdade tamén se produce entre as propias mulleres, como evidencian os datos recollidos no cadro seguinte.

A distribución da poboación asalariadas feminina, por tramos de ingresos foi como segue en 2024:

		Mulleres
Asalariadas		Salario medio anual

Total tramos de salario	539.656	21.821
De 0 a 0,5 SMI	102.604	3.310
De 0,5 a 1 SMI	114.672	12.274
De 1 a 1,5 SMI	143.349	19.212
De 1,5 a 2 SMI	69.846	27.283
De 2 a 2,5 SMI	40.514	35.660
De 2,5 a 3 SMI	30.708	43.179
De 3 a 3,5 SMI	16.567	51.117
De 3,5 a 4 SMI	6.918	59.102
De 4 a 4,5 SMI	4.356	67.193
De 4,5 a 5 SMI	2.979	75.202
De 5 a 7,5 SMI	5.930	93.219
De 7,5 a 10 SMI	774	133.251
Máis de 10 SMI	439	386.724

Fonte: Agencia Estatal de la Administración Tributaria. «Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias». Extraído de: <http://www.aeat.es>

A maioría das mulleres asalariadas en Galiza presentan un nivel baixo de ingresos. Como se indicou anteriormente, o 40% non acadada sequera o Salario Mínimo Interprofesional (SMI) e, se ampliamos a análise até 1,5 veces o SMI, a porcentaxe elévase até o 66,8% do total. No caso dos homes, o 55,3% sitúase por baixo deste nivel de ingresos, o que supón 11,5 puntos porcentuais menos.

Así, arredor do 50% das mulleres situaríanse en risco de pobreza se os seus ingresos dependesen exclusivamente do seu salario individual.

Son moi poucas as mulleres que perciben ingresos elevados. No tramo superior da táboa, correspondente a ingresos superiores a dez veces o SMI, apenas se contabilizan 439 mulleres, cunha media anual de 386.724 euros brutos. O ingreso dunha muller pertencente a este grupo equivale ao de 117 mulleres do tramo inferior. Dito doutro xeito, unha soa muller deste nivel salarial percibe o mesmo que 117 mulleres conxuntamente no tramo máis baixo. No ano anterior, esta equivalencia era de 1 a 108, o que indica que as desigualdades internas tamén se incrementaron entre as propias mulleres.

Se, ademais de ser muller, se ten a condición de inmigrante, o risco de pobreza multiplícase, facendo aínda máis evidente a profundidade das desigualdades existentes.

Poboación asalariada e SMA segundo sexo e nacionalidade.

	2023		2024		<i>Variación</i>			
	Asal	SMA	Asal	SMA	Absoluta P. Asalariadas	%	Absoluta SMA	%
Home	557.327	25.527	567.082	26.257	9.755	1,8	730	2,9
<i>N. española</i>	524.287	26.059	533.622	27.040	9.335	1,8	981	3,8
<i>N. estranxeira</i>	33.040	17.082	33.460	18.337	420	1,3	1.255	7,3
Muller	525.677	20.840	539.656	21.821	13.979	2,7	981	4,7
<i>N. española</i>	498.351	21.309	511.311	22.271	12.960	2,6	962	4,5
<i>N. estranxeira</i>	27.326	12.289	28.345	13.699	1.019	3,7	1.410	11,5

Total	1.083.004	23.252	1.106.738	24.232	23.734	2,2	980	4,2
<i>N. española</i>	1.022.638	23.744	1.044.933	24.706	22.295	2,2	962	4,1
<i>N. estranxeira</i>	60.366	14.912	61.805	16.210	1.439	2,4	1.298	8,7

Fonte: AEAT. Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

Non debemos esquecer que, dentro do que se denomina nos rexistros oficiais como nacionalidade española ou dobre nacionalidade, están incluídas non só as persoas nadas en Galiza, senón tamén noutras partes do Estado español, así como aquelas con dobre nacionalidade. No caso de Galiza, a dobre nacionalidade ten unha importancia significativa, xa que ás persoas que adquiren a nacionalidade española unha vez residindo aquí, hai que sumarles as descendentes de galegos e galegas, cifra relevante dada a longa historia emigrante do noso país. Por iso, moitas das persoas que sosteñen hoxe a poboación activa galega naceron no estranxeiro, aínda que non se consideren oficialmente persoas estranxeiras.

A enquisa non permite unha desagregación máis detallada. Se a poboación se clasificase por lugar de nacemento en vez de por nacionalidade, probablemente os datos serían distintos. Segundo o Censo de Poboación e Vivendas de 2025, hai 332.025 persoas nadas no estranxeiro en Galiza. Con todo, só 174.494 teñen exclusivamente nacionalidade estranxeira.

Esta situación non se reproduce, na mesma magnitude, noutras partes do Estado con menor historial migratorio.

Non se trata de cuestionar a nacionalidade das persoas, pero si limita a análise, no senso de que as condicións laborais das persoas con dobre nacionalidade se asemellan máis ás de nacionalidade estranxeira. En calquera dos casos, a poboación inmigrante cada ano ten maior peso, e as súas condicións laborais, en xeral, son máis precarias.

Tanto entre homes como entre mulleres, o feito de ser estranxeiro/a implica unha maior precariedade laboral. En xeral, unha persoa con nacionalidade estranxeira percibe uns ingresos equivalentes ao 65% dos ingresos dunha persoa de nacionalidade española.

A diferenza é menor entre os homes que entre as mulleres: os ingresos medios dun home estranxeiro situáronse no 67,8% dos ingresos dun home con nacionalidade española, mentres que no caso das mulleres estranxeiras o valor foi do 61,5% respecto das mulleres con nacionalidade española.

A maior diferenza prodúcese entre un home con nacionalidade española, con ingresos de 27.040 euros brutos anuais, e unha muller estranxeira, cuxos ingresos brutos foron de 13.699 euros anuais; é dicir, menos da metade.

A fenda por nacionalidade sitúase no 34,3%

Esta fenda persiste a pesar de que os ingresos da poboación estranxeira medraron máis que os do resto da poboación no último ano: un 8,7% fronte ao 4,1%, sendo o incremento máis destacado entre as mulleres estranxeiras. O aumento do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) contribuíu a reducir parcialmente esta fenda (en 2023 situábase no 37%). Aínda así, as mulleres con nacionalidade estranxeira continuaron percibindo uns ingresos medios inferiores ao SMI.

Xunto coa parcialidade ou a temporalidade no emprego —información que non está dispoñible na AEAT—, a rama de actividade na que se desenvolve o traballo é un factor determinante á hora de analizar os ingresos. Existen diferenzas significativas entre unhas ramas e outras, e obsérvase unha regra xeral: canto maior é a feminización dunha rama de actividade, menores son os ingresos. Esta tendencia dáse en todos os casos, agás na administración pública.

Poboación asalariada, SMA por sexo e rama de actividade.

	Ambos os sexos		Homes		Mulleres		Fenda	Taxa feminización
	2024		2024		2024			
	Asaldos/as	SMA	Asaldos/as	SMA	Asaldos/as	SMA		
Total sectores	1.106.738	24.232	567.082	26.527	539.656	21.821	17,7	49%
S primario	24.112	19.874	18.887	20.640	5.225	17.107	17,1	22%
I. extractiva, enerxía e auga	10.630	32.525	8.344	33.689	2.285	28.277	16,1	21%
Industria	133.570	27.277	91.923	29.212	41.648	23.005	21,2	31%
Construción	82.212	23.917	68.317	24.284	13.895	22.112	8,9	17%
Comercio e transporte	241.106	23.542	130.936	26.445	110.170	20.092	24,0	46%
Información e comunicacións	27.876	30.589	17.745	33.171	10.131	26.066	21,4	36%
Entidades financeiras e aseguradoras	19.298	39.788	8.582	45.758	10.717	35.008	23,5	56%
Servizos ás empresas	147.960	19.376	69.130	22.262	78.830	16.845	24,3	53%
Serv. sociais	286.016	29.852	97.067	33.262	188.949	28.100	15,5	66%
Outros serv. persoais e de ocio	133.957	12.557	56.152	14.534	77.805	11.131	23,4	58%

Fonte: Agencia Estatal de la Administración Tributaria. «Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias». Extraído de: <http://www.aeat.es>

Só hai catro actividades –todas pertencentes ao sector servizos– onde a presenza de mulleres é superior á dos homes; e en tres delas, danse as taxas de fenda salarial máis altas; a saber:

As catro actividades económicas nas cales as mulleres son maioría son: “entidades financeiras e aseguradoras”, “servizos ás empresas”, “servizos sociais” e “outros servizos persoais e de lecer”.

Exceptuando “servizos sociais”, onde están incluídas actividades como sanidade e educación, en que a presenza do sector público é elevada e as desigualdades salariais menores polo forte peso do persoal funcionario (a fenda salarial nesta rama é do 15,5%), nas tres ramas restantes a fenda salarial supera o 23%.

O 35% das mulleres estiveron empregadas nesta rama, “servizos sociais”, no ano 2024, e a rama que aglutina a meirande parte das mulleres traballadoras. A falta dunha desagregación maior desta, xa que conviven desde funcionarias nivel alto na administración con coidadoras no fogar, dificulta unha análise máis profunda.

A fenda maior atópase en “servizos ás empresas”, onde acada o 24,3%. Nesta rama de actividade as mulleres representan o 53%, cuns ingresos medios de 16.845 euros brutos anuais. Os homes que prestan servizos nesta rama de actividade tiveron uns ingresos medios de 22.262 €.

Na rama “outros servizos persoais e de ocio”, as mulleres representan o 58% do total das persoas traballadoras nesta actividade, e os ingresos son un 23,4% inferiores aos dos homes. De media, os ingresos dunha muller traballadora nesta actividade foron 11.131 euros anuais, moi por debaixo do SMI. No caso dos homes traballadores desta rama, os seus ingresos, aínda que baixos, superaron o SMI; concretamente, 14.534 euros de media.

A rama onde se xeran os maiores ingresos é “entidades financeiras e aseguradoras”. Nesta rama, onde a presenza das mulleres acada o 55%, a fenda salarial é do 23,5%. De media, un traballador desta rama ingresa 10.750 euros máis que unha muller na mesma rama de actividade.

Outra rama de actividade coa fenda salarial moi elevada, do 24,%, é en “comercio, reparacións e transporte”. Neste caso as mulleres representan o 46% das persoas traballadoras na rama. Aínda que non son maioría, si ten moito peso esta rama de actividade no total da ocupación feminina O 20,4% das mulleres estiveron empregadas nesta rama de actividade.

En conxunto, o 84% das mulleres asalariadas concéntranse en catro ramas de actividade: “servizos ás empresas”, “servizos sociais” e “outros servizos persoais e de lecer” e “comercio”.

Preocupa que a fenda sexa tan elevada entre a xente máis nova, mesmo nas cohortes onde incluso o nivel de formación é maior no caso das mulleres.

Poboación asalariada, SMA segundo sexo e idade.

Homes	Mulleres
2024	2024

	Asalariados/as	SMA	Asalariados/as	SMA	Fenda salarial
Total idade	567.082	26.527	539.656	21.821	17,7
Menor de 18 anos	1.750	2.102	1.274	1.488	29,2
De 18 a 25 anos	53.057	10.236	47.708	8.055	21,3
De 26 a 35 anos	99.848	21.180	96.778	19.154	9,6
De 36 a 45 anos	136.254	27.250	133.483	22.704	16,7
De 46 a 55 anos	161.659	31.501	155.949	24.899	21,0
De 56 a 65 anos	104.156	31.510	95.221	25.693	18,5
Maior de 65 anos	10.358	28.364	9.243	19.002	33,0

Fonte: Agencia Estatal de la Administración Tributaria. «Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias». Extraído de: <http://www.aeat.es>

A fenda salarial é persistente en todos os grupos de idade, aínda que con importantes diferenzas. As fendas máis elevadas obsérvanse entre a poboación de menor e maior idade.

Resulta especialmente preocupante a situación das mulleres máis novas, xa que estas diferenzas non se explican polo nivel formativo, dado que, neste grupo de idade, as mulleres presentan en xeral un nivel educativo superior ao dos homes. Se a formación non logra reducir estas fendas, desaparece a esperanza de que estas diminúan co tempo.

Entre as idades de 26 a 46 anos, as fendas son máis baixas, pero mantéñense próximas ao 10%.

Estas fortes diferenzas de ingresos, tanto entre as propias mulleres como en comparación cos homes, explícanse en boa medida pola situación de maior precariedade laboral na que as mulleres se atopan no mercado de traballo.

Os datos de afiliación á seguridade social, permiten analizar con certa profundidade esta situación.


Afiliación á Seguridade Social

Comezamos analizando como foi evolucionando a afiliación á Seguridade Social nos últimos anos segundo o sexo.

En decembro de 2025, a media de mulleres en alta laboral na Seguridade Social foi de 533.363, o que supón un incremento do 1,6% respecto ao mes de decembro do ano anterior. No caso dos homes, a afiliación medrou un 1,7% no mesmo período.

A evolución deste último ano —cun menor incremento da afiliación feminina en comparación coa masculina— rompe coa tendencia dos últimos sete anos, período no que a afiliación das mulleres medraba a un ritmo superior, contribuíndo así á redución progresiva da fenda de xénero na afiliación.

Variación da afiliación segundo sexo.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da SS.

O ano 2017 fora o último no que o incremento da afiliación masculina á Seguridade Social superara o da feminina. Desde ese momento, e con maior ou menor intensidade, todos os anos medrou máis a ocupación entre as mulleres, achegándose progresivamente ás cifras masculinas. Porén, en 2025 esta tendencia rompeuse.

En decembro dese ano, o 49,4% das persoas afiliadas en alta laboral en Galiza eran mulleres, mentres que en 2014 representaban o 48,6%. Estes datos amosan un avance sostido na presenza feminina na afiliación ao longo da última década, aínda que no último exercicio se produciu unha lixeira desaceleración no proceso de converxencia.

Segundo o réxime no que estean inscritas, as diferenzas por sexo son importantes.

Afiliación á SS, segundo réxime e sexo.

	Total		Mulleres		Homes	
	2024/12	2025/12	2024/12	2025/12	2024/12	2025/12
Todos	1.079.573	1.097.288	533.363	541.770	546.208	555.517
Réxime xeral	829.315	847.853	422.346	431.626	406.968	416.227
R.X.(S.E.AGRARIO)	5.859	5.993	1.656	1.644	4.203	4.349

R.X.(S.E. EM. FOGAR)		22.364	21.566	21.830	21.051	533	514
R.E.AUTÓNOMOS (NON SETA¹)		186.785	188.111	74.263	74.979	112.522	113.132
REG.E. AUTONOMOS (SETA)		17.303	16.356	9.053	8.405	8.251	7.951
R.E.MAR(CONTA ALLEA)		9.900	9.743	1.065	1.072	8.835	8.671
R.E.MAR(C. PROPIA)		8.046	7.667	3.150	2.994	4.895	4.673

Fonte: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es/Afiliados%20en%20alta%20laboral>

En xeral, a afiliación medrou neste último ano un 1,6% entre as mulleres e un 1,7% entre os homes. Así, a finais de 2025, o 49,4% das persoas afiliadas en alta laboral eran mulleres, mentres que os homes representaban o 50,6% restante.

A distribución por réximes amosa importantes desigualdades. As mulleres superan lixeiramente os homes no Réxime Xeral e no SETA; porén, é no Sistema Especial de Empregadas do Fogar onde a súa presenza é claramente maioritaria: o 97,6% das persoas dadas de alta neste sistema son mulleres, un total de 21.051 en decembro de 2025.

Pola contra, o ámbito con menor presenza feminina é o Réxime Especial do Mar por conta allea, onde as mulleres representan tan só o 11% das persoas afiliadas.

Atendendo ao peso de cada réxime no conxunto da afiliación feminina, o 79,7% das mulleres afiliadas están inscritas no Réxime Xeral, mentres que no caso dos homes esta porcentaxe descende até o 74,9%, o que evidencia tamén diferenzas na estrutura da afiliación segundo o sexo.

Se analizamos as afiliacións ao Réxime Xeral —quedando fóra unicamente as persoas dadas de alta no Réxime Especial do Mar por conta allea— estamos a estudar practicamente a totalidade da poboación asalariada en Galiza, principal obxectivo deste informe.

Así, comezamos estudando a variación e a distribución da poboación afiliada ao Réxime Xeral por tipo de contrato e xornada desde o ano 2021. A análise destes datos permite non só analizar a situación contractual das mulleres, senón identificar as importantes diferenzas existentes por razón de sexo, así como realizar unha lectura da súa evolución desde a última reforma laboral, atendendo aos cambios na contratación e na estrutura das xornadas.

A principal novidade desta reforma foi a ampliación do uso do contrato fixo discontinuo e a eliminación dos contratos por obra ou servizo determinado. O contrato fixo discontinuo xa existía con anterioridade, mais estaba limitado a traballos de carácter estacional ou que se repetían en datas certas. Coa reforma, ampliouse o seu ámbito de aplicación a ocupacións de carácter intermitente, aínda que non se desenvolvan en períodos temporais predeterminados.

Este cambio normativo provocou un forte incremento no uso desta modalidade contractual, que medrou un 107% desde finais de 2021. O efecto estatístico foi inmediato: a taxa de temporalidade reduciuse en cinco puntos porcentuais nun só

¹ SETA: Sistema Especial de Traballadores Agrarios.

trimestre e, no conxunto do período transcorrido desde a reforma, a caída acumulada foi de dez puntos porcentuais.

Porén, esta redución non se corresponde cunha mellora real das condicións laborais, senón cun cambio na clasificación contractual, unha mellora simplemente estatística. Na maioría dos casos tan so cambiou o nome do contrato, nin a duración, nin as horas traballadas. Comparando a situación segundo sexo, as desigualdades aumentaron.

Poboación afiliada ao réxime xeral por tipo de contrato e xornada.

	2021/12 2025/12				2021/12 2025/12			
	Muller				Varón			
TODAS	389.330	431.626	% total		384.040	416.227	% total	
INDEFINIDO-T. Completo	157.166	197.699	40,4%	45,8%	236.829	295.659	61,7%	71,0%
INDEFINIDO-T. Parcial	61.323	85.210	15,8%	19,7%	21.367	34.052	5,6%	8,2%
INDEFINIDO-Fixos Descontínuos	10.246	18.319	2,6%	4,2%	4.600	12.427	1,2%	3,0%
TEMPORAL-T. Completo	69.362	52.871	17,8%	12,2%	70.885	34.439	18,5%	8,3%
TEMPORAL-T. Parcial	45.600	19.569	11,7%	4,5%	24.032	11.505	6,3%	2,8%
APREND., FORMACIÓN PRÁCT.	3.311	1.253	0,9%	0,3%	4.012	1.569	1,0%	0,4%
OUTROS	42.322	56.704	10,9%	13,1%	22.315	26.576	5,8%	6,4%

Fonte: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es/Afiliados%20en%20alta%20laboral>

Aínda que no conxunto do período posterior á reforma laboral pode falarse dun aumento da contratación indefinida e dun descenso da temporalidade, no ano 2025, con respecto a 2024, esta tendencia comezou a romperse, rexistrándose de novo un incremento dos contratos temporais. Ademais, a intensidade destas variacións foi moi desigual segundo o xénero, polo que, no que atinxe ás fendas de xénero, lonxe de reducirse, estas se incrementaron.

Loxicamente, desde a entrada en vigor da reforma laboral, a modalidade contractual que máis medrou foi a do contrato fixo descontinuo, tanto entre homes como entre mulleres. No conxunto do período, esta modalidade incrementouse un 107% desde finais de 2021. A pesar de que, en termos relativos, o aumento foi maior entre a poboación masculina, o 60% dos contratos fixos descontinuos están subscritos por mulleres.

En decembro de 2025, o 4,2% das mulleres ocupadas en Galiza tiñan un contrato fixo descontinuo, fronte ao 3% no caso dos homes, o que evidencia unha maior concentración feminina nesta modalidade contractual.

Este tipo de contratación, formalmente considerada indefinida, xunto cos contratos indefinidos a xornada parcial, constitúe na práctica unha forma encuberta de precariedade. Aínda que incorporan un suposto carácter estable, non reducen a

parcialidade nin garanten un tempo mínimo de traballo que permita uns ingresos suficientes para a subsistencia.

A finais de 2021, antes da reforma laboral, o 19,8% dos contratos indefinidos correspondían a xornadas non completas (incluíndo contratos a tempo parcial e fixos discontinuos). A finais de 2025, esta porcentaxe incrementouse até o 23,3%.

Desagregar esta información por sexo permítenos coñecer as fortes fendas existentes e, ao comparar co ano 2021, como estas se foron incrementando:

- No ano 2021 , o 40,4% das mulleres dispuñan dun contrato indefinido a tempo completo; no ano 2025 son o 45,8%. No caso dos homes, pasaron dun 61,7% a un 71% no mesmo período. Isto incrementa a fenda de 21,3 puntos en 2021 a 25,5 en 2025.
- Tendo en conta todos os contratos indefinidos, independentemente do tipo de xornada, son o 69,8% das mulleres e o 82,2% dos homes os que se atopan nesta situación en 2025, o que implica unha fenda de xénero de 12,4 puntos porcentuais; no ano 2021 a diferenza era de 9,7 p p .
- Polo tanto, o 32,2% das mulleres non teñen un contrato indefinido. No caso dos homes, son o 17,8%. Realmente esta taxa é a que se debería considerar como taxa de temporalidade, xa que só inclúe, á hora de calculala, as persoas asalariadas ao réxime xeral, excluindo os autónomos/as. Neste caso a taxa de temporalidade das mulleres supera en 14,4 puntos dos homes. No ano 2024 a diferenza era de 12,1 puntos. No ano 2021 era de 11,7 puntos; polo tanto, estase incrementando.
- Tamén a parcialidade na contratación ten un nesgo claramente feminino, e aumentou desde a última reforma laboral. No ano 2021 tiñan asinado un contrato indefinido a tempo completo o 18,8% das mulleres; no ano 2025 son o 19,7%. No caso dos homes pasaron dun 5,6% a un 8,2%. Tamén neste caso se incrementou a fenda: de 10,2 puntos en 2021 a 11,6 en 2025.

A incorporación de mulleres estranxeiras ao traballo en Galiza está contribuíndo á medra das fendas de xénero, xa que estas están dobremente prexudicadas, por seren mulleres e por seren estranxeiras.

A evolución deste colectivo no último ano foi a seguinte:

Poboación afiliada estranxeira.

			Variación	
	2024/12	2025/10	Absoluta	%
TOTAL	67.897	78.354	10.456	15,4%
Mulleres	30.485	33.947	3.461	11,4%
Homes	37.412	44.407	6.995	18,7%

Fonte: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es/Afiliados%20en%20alta%20laboral/>

En termos xerais, a poboación estranxeira afiliada á Seguridade Social en Galiza medrou un 15,4% no último ano, o que supón 10.456 persoas máis que en decembro

de 2024. Isto implica que o 59% das novas altas laborais rexistradas en Galiza neste período corresponderon a persoas estranxeiras.

Tamén neste colectivo o incremento foi maior entre os homes ca entre as mulleres: a afiliación da poboación estranxeira masculina aumentou un 18,7%, mentres que no caso das mulleres a medra foi do 11,4%.

Desde o ano 2021, a poboación estranxeira afiliada á Seguridade Social incrementouse un 75%, consolidándose como un dos principais soportes do crecemento do emprego en Galiza.

Para analizar outro tipo de indicadores, como taxas de actividade, paro, etc., temos que usar os datos que nos facilita o IGE a través da Enquisa de Poboación Activa (EPA).

Enquisa de Poboación Activa

Desde o ano 2009, en Galiza duplicábase a mostra da EPA, o que permitía unha maior desagregación e un nivel máis detallado de análise nun amplo conxunto de indicadores. Porén, no terceiro trimestre de 2025 rompeuse o convenio co INE, tal e como se recolle nunha nota informativa publicada na páxina web do IGE, na que se sinala : «A partir do terceiro trimestre de 2025 os resultados da EPA inclúen unicamente a mostra recollida polo INE, unha vez resolto o convenio de colaboración asinado entre o INE e o IGE para a duplicación da mostra da EPA no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A redución do tamaño da mostra impide facilitar a información coa desagregación que se viña publicando desde o terceiro trimestre de 2009.

No apartado de Resultados Detallados pódese consultar unha explotación da EPA con datos desde o terceiro trimestre de 2025.

Este apartado está actualmente en proceso de reestruturación. Proximamente incorporárase a información correspondente a trimestres anteriores e ampliarase o contido dispoñible, na medida en que o tamaño actual da mostra permita a desagregación das variables».

Isto leva a que parte da información que outros anos viñamos utilizando para a elaboración deste informe, no de 2025, non será posible empregala.

Queda fora información moi importante, sobre todo información onde se cruzaban máis de dúas variables.

As limitacións de información fanse notar neste informe.

Comezamos analizando como variaron os principais indicadores do mercado laboral segundo sexo.

Principais variables básicas. Datos en miles.

Variación

			Absoluta	%
	2024	2025		
Poboación con máis de 16 anos				
Total	2.372,00	2.385,30	13,30	0,6%
Homes	1.130,90	1.138,30	7,40	0,7%
Mulleres	1.241,10	1.247,00	5,90	0,5%
Activos				
Total	1.262,30	1.277,10	14,80	1,2%
Homes	648,6	644,5	-4,10	-0,6%
Mulleres	613,7	632,6	18,90	3,1%
Poboación ocupada				
Total	1.144,00	1.170,50	26,50	2,3%
Homes	591,7	593,1	1,40	0,2%
Mulleres	552,2	577,4	25,20	4,6%
Poboación parada				
Total	118,3	106,6	-11,70	-9,9%
Homes	56,9	51,5	-5,40	-9,5%
Mulleres	61,5	55,2	-6,30	-10,2%
Inactivos				
Total	1.109,70	1.108,10	-1,60	-0,1%
Homes	482,3	493,7	11,40	2,4%
Mulleres	627,4	614,4	-13,00	-2,1%

Fonte: EPA. INE, IGE

En 2025, respecto do ano anterior, a poboación con máis de 16 anos en Galiza aumentou un 0,6%, cun maior incremento entre os homes que entre as mulleres. Con todo, este crecemento tivo efectos distintos segundo o xénero: mentres que as mulleres engrosaron as listas de poboación activa, entre os homes o maior número de persoas traducíuse nun aumento da poboación inactiva en detrimento da activa.

Analizando con detalle cada un dos apartados anteriores, e comezando pola poboación activa, os datos son os seguintes:

Poboación activa

O termo poboación activa acolle tanto as persoas con traballo, ocupadas, como as que están dispostas a traballar se atopan un traballo, poboación parada.

No que atinxe á evolución segundo sexo foi como segue:

Poboación activa segundo sexo

	2024	2025	Variación	
	Activos		Absoluta	%
Total	1.262,30	1.277,10	14,80	1,2%
Homes	648,6	644,5	-4,10	-0,6%
Mulleres	613,7	632,6	18,90	3,1%

Fonte: EPA. INE, IGE

Como vén ocorrendo nos últimos anos, son maioritariamente as mulleres as que están engrosando a nova poboación activa en Galiza. No último ano, 2025, todo o crecemento se debe a elas: incorporáronse 18.900 mulleres á poboación activa, un 3,1% máis que en 2024. Pola contra, entre os homes produciuse un descenso do 0,6%, o que supón unha redución de 4.100 persoas.

Como resultado desta evolución, as mulleres representan xa o 49,5% da poboación activa en Galiza de media no ano 2025.

A cara negativa desta situación está na idade.

Poboación activa segundo idade e sexo.

	2024	2025	Variación	
			Absoluta	%
Total				
Total	1.262,30	1.277,10	14,80	1,2%
de 16 a 24 anos	66,6	66,7	0,10	0,2%
de 25 a 54 anos	907,5	907,7	0,20	0,0%
de 55 e máis anos	288,2	302,8	14,60	5,1%
Homes				
Total	648,6	644,5	-4,10	-0,6%
de 16 a 24 anos	37,8	35,9	-1,90	-5,0%
de 25 a 54 anos	463,1	460,4	-2,70	-0,6%
de 55 e máis anos	147,7	148,2	0,50	0,3%
Mulleres				
Total	613,7	632,6	18,90	3,1%
de 16 a 24 anos	28,9	30,7	1,80	6,2%
de 25 a 54 anos	444,3	447,3	3,00	0,7%
de 55 e máis anos	140,5	154,5	14,00	10,0%

Fonte: EPA. INE

O aumento do envellecemento da poboación en activo en Galiza é preocupante.

Cada ano, o peso da poboación de maior idade no mercado laboral aumenta. Durante 2025, as persoas con máis de 55 anos medraron un 5,1%, sendo este incremento especialmente notable entre as mulleres, cunha medra do 10%, o que supón 14.000 mulleres máis que no ano 2024. Entre os homes, o aumento foi moito máis modesto, apenas un 0,3%.

Como resultado desta evolución, o peso da poboación con máis de 55 anos alcanzou o 23,7% do total da poboación activa. No caso das mulleres, o 24,4% superan esta idade, mentres que entre os homes representan o 22,8%.

Este avellentamento da poboación en activo non se frea a pesar da importante chegada de poboación estranxeira, que, en xeral máis nova, contribúe a engrosar a poboación activa sen compensar por completo a tendencia ao envellecemento.

Poboación activa segundo nacionalidade².

² A nomenclatura correspóndese coa orixinal publicada nas fontes oficiais.

	Variación			
	2024	2025	Absoluta	%
Total	1262,3	1277,1	14,8	1,2%
Española	1167,4	1174,5	7,1	0,6%
Estranxeira: Total	95,0	102,6	7,7	8,1%
Estranxeira : Unión Europea	20,8	19,3	-1,5	-7,0%
Estranxeira : non Unión Europea	74,2	83,3	9,1	12,3%
Homes				
Total	648,6	644,6	-4,0	-0,6%
Española	604,0	593,4	-10,6	-1,8%
Estranxeira: Total	44,6	51,1	6,5	14,6%
Estranxeira : Unión Europea	9,7	9,9	0,2	1,8%
Estranxeira : non Unión Europea	34,9	41,3	6,4	18,3%
Mulleres				
Total	613,7	632,6	18,9	3,1%
Española	563,4	581,1	17,7	3,1%
Estranxeira: Total	50,3	51,5	1,2	2,3%
Estranxeira : Unión Europea	11,1	9,5	-1,6	-14,7%
Estranxeira : non Unión Europea	39,3	42,1	2,8	7,1%

Fonte: EPA. INE

Non debemos esquecer que, dentro do que se denomina nos rexistros oficiais nacionalidade española ou dobre nacionalidade, están incluídas non só as persoas nadas en Galiza, senón tamén noutras partes do Estado español, como xa se aclarou no apartado de ingresos segundo as fontes tributarias neste informe.

Con esta aclaración, pódese observar que o incremento da poboación activa en Galiza se nutriu principalmente das mulleres con nacionalidade española e dos homes estranxeiros.

Entre as mulleres, o descenso só se rexistrou entre as estranxeiras procedentes doutros países da Unión Europea, con 1.600 menos que no ano 2024. O aumento maior produciuse entre as mulleres de nacionalidade española, que medraron un 3,1%, supoñendo 17.700 persoas máis que en 2024. Entre as inmigrantes de fóra da Unión Europea, a poboación activa feminina incrementouse en 2.800 persoas.

Entre os homes, a evolución foi diferente. A poboación activa masculina con nacionalidade estranxeira aumentou un 14,6% respecto de 2024, alcanzando un total de 6.500 persoas. Grazas a este incremento, a perda de poboación activa masculina non foi maior; con todo, no conxunto, a poboación activa masculina reduciuse un 0,6% respecto de 2024.

En conclusión, os novos integrantes da poboación activa en Galiza son, principalmente, mulleres de nacionalidade española e homes inmigrantes.

Poboación ocupada

Estar en activo, non significa ter un emprego. A evolución da poboación ocupada segundo sexo foi como segue.

O incremento da poboación ocupada foi superior ao aumento da poboación activa, de aí o descenso das persoas en desemprego.

No ano 2025 aumentaron as persoas ocupadas en Galiza un 2,3%, o que equivale a 26.500 persoas máis con emprego.

Poboación ocupada segundo sexo.

	2024	2025	Variación	
	Total		Absoluta	%
Total	1.144,00	1.170,50	26,50	2,3%
Homes	591,7	593,1	1,40	0,2%
Mulleres	552,2	577,4	25,20	4,6%

Fonte: EPA. INE.

O emprego creado ao longo de 2025 concentrouse maioritariamente nas mulleres. Das 26.500 novas persoas ocupadas, 25.200 foron mulleres, o que supón o 95% do total dos novos empregos.

Esta evolución está estreitamente relacionada co tipo de emprego que se está a crear, xa que se concentra fundamentalmente no sector servizos e, dentro deste, en actividades altamente feminizadas.

Resulta especialmente salientable que mesmo no sector industrial —un dos menos feminizados, onde as mulleres representan apenas o 29,8% do total— a maior parte do emprego creado durante 2025 foi feminino. En concreto, o 58% dos novos postos de traballo neste sector corresponderon a mulleres, cun aumento tanto na industria extractiva como na manufactureira.

Pero é no sector servizos onde se concentra a maior parte da medra, cun 3,4% máis de persoas ocupadas, o que supón máis de 22.200 novos empregos nalgunha das ramas que o compoñen. A evolución foi moi desigual ao desagregar polas distintas ramas de actividade que o compoñen.

O maior incremento —como vén sendo habitual nos últimos anos— produciuse na macrorrama de administración pública, sanidade, educación e servizos sociais. Trátase dunha rama de actividade que agrupa actividades moi diversas, o que dificulta extraer conclusións máis detalladas sobre a súa composición interna. No seu conxunto, o número de persoas ocupadas nesta macrorrama aumentou un 6,3%, o que supón 16.000 persoas máis que en 2024. Deste xeito, o 60% do emprego creado no sector servizos ao longo do último ano concentrouse nalgunha das actividades incluídas nela.

Pola contra, tanto no sector primario como na construción rexistrouse un descenso do emprego.

A distribución segundo sexo das persoas ocupadas nas distintas ramas, así como a taxa de feminización, é como segue:

	Total	Mulleres	Homes	% mulleres/P ocupada	%/total mulleres
	2025	2025			
Total	1170,5	577,425	593,08	49,3	100,0
Agricultura e pesca	66,225	23,35	42,88	35,3	4,0
Industria	192,25	57,225	135,03	29,8	9,9
Industrias extractivas	18,25	5,025	13,23	27,5	0,9
Industria manufactureira	174	52,2	121,80	30,0	9,0
Construción	78,65	8,075	70,58	10,3	1,4
Servizos	833,45	488,9	344,55	58,7	84,7
Comercio, transporte; hostaleira	309,5	153,05	156,45	49,5	26,5
Información e comunicación	34,5	8,975	25,53	26,0	1,6
Actividades financeiras e de seguros	16,825	10,9	5,93	64,8	1,9
Actividades inmobiliarias	4,875	3,325	1,55	68,2	0,6
Actividades profesionais	117,775	68,65	49,13	58,3	11,9
Administración Pública , Seguridade social obrigatoria; educación; actividades sanitaria e de servizos sociais	271,775	186,525	85,25	68,6	32,3
Activ. Artísticas	78,2	57,475	20,73	73,5	10,0


Fonte: EPA. INE.

O 85% das mulleres ocupadas en Galiza traballan nalgunha das ramas que integran o sector servizos. Dentro deste, destaca especialmente a macrorrama de administración pública, educación, sanidade e servizos sociais, na que presta servizo o 32,3% das mulleres ocupadas. A segunda actividade con maior peso é o comercio, que concentra o 26,5% do total. En conxunto, estas dúas ramas agrupan o 58% das mulleres ocupadas en Galiza.

En canto ao grao de feminización —entendido como a porcentaxe de mulleres sobre o total de persoas ocupadas en cada rama—, a actividade máis feminizada é a de actividades artísticas, recreativas e de entretemento, cun 73,5% de mulleres. Séguenlle a macrorrama de administración pública, educación, sanidade e servizos sociais, así como as actividades inmobiliarias, ambas con máis dun 68% de presenza feminina.

Pola contra, a construción continúa a ser un sector fortemente masculinizado: só o 10% das persoas ocupadas nesta actividade son mulleres.

A repartición da poboación ocupada por sectores e sexo marca importantes diferenzas. No gráfico seguinte así se demostra:



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da EPA.INE

A inmensa maioría das mulleres ocupadas en Galiza traballan no sector servizos, concretamente o 84,7% do total. Entre os homes, aínda que tamén é o sector maioritario, a súa presenza é sensiblemente menor, situándose no 58,1%. Con respecto a 2024, medrou a presenza masculina neste sector, mentres que a feminina se mantivo practicamente estable.

No sector industrial traballan o 22,8% dos homes e o 9,9% das mulleres, sendo o segundo sector en importancia para ambos os sexos. Ademais, incrementou o seu peso relativo en comparación co ano anterior.

Na construción, pola contra, a presenza feminina é case que testemuñal, consolidando o seu carácter fortemente masculinizado.

Así mesmo, a categoría profesional das persoas traballadoras marca importantes diferenzas segundo se trate de homes ou mulleres.

No que atinxe á categoría profesional:

	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
Total	1.170,50	593,05	577,43	49,3%
Traballador/a por conta propia	210,85	124,68	86,18	40,9%
Empregado/a	66,48	38,90	27,58	41,5%
Empresario/a sen asalariados/as	140,05	83,58	56,48	40,3%
Membro duna cooperativa	1,08	0,63	0,20	18,6%
Axuda na empresa ou negocio familiar	3,25	1,55	1,68	51,5%
Asalariados/as: Total	958,78	468,20	490,60	51,2%
Asalariado /a sector público	201,63	77,55	124,08	61,5%
Asalariado/a sector privado	757,18	390,68	366,53	48,4%

Fonte: EPA. INE.

Hai dúas categorías profesionais nas que as mulleres superan os homes: entre as persoas asalariadas e nas axudas familiares. No caso das persoas asalariadas, a maior presenza feminina prodúcese no sector público, onde o 61,5% do persoal é muller. No sector privado, pola contra, a presenza feminina sitúase no 48,4%.

Entre os traballadores/as por conta propia só son mulleres o 40,9%.

O 85% das mulleres traballan como asalariadas. Así, son preto de medio millón as mulleres que exercen traballo asalariado en Galiza, o que pon de relevo a importancia de analizar polo miúdo as condicións laborais deste colectivo.

Porén, desde o segundo trimestre de 2025, tal e como se indicou ao inicio deste apartado, deixou de publicarse parte da información que viña facilitando a Enquisa de Poboación Activa (EPA). Este recorte afecta, entre outros aspectos, os datos relativos á distribución da poboación asalariada segundo tipo de xornada e sexo, así como aos motivos da xornada parcial. Tamén se viu limitada a información sobre a distribución da poboación asalariada segundo o tipo de contrato.

No que atinxe á temporalidade, foi analizada no apartado de afiliación á Seguridade Social.

Para os datos de tipo de xornada, temos que utilizar os datos do segundo trimestre de 2025, últimos publicados.

Poboación ocupada a xornada parcial segundo sexo e motivo da xornada.

	Total	Homes	Mulleres	Homes/	Mulleres/
	2025/II	2025/II	2025/II	total	total
Total	159,8	39,5	120,2		
Seguir cursos de ensinanza ou formación	15,5	6,6	8,9	16,7	7,4
Enfermidade ou incapacidade propia	4,5	1,1	3,3	2,8	2,7
Coidado de crianzas ou de persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores	27,8	2,5	25,3	6,3	21,0
Outras obrigacións familiares ou persoais	10,7	3,9	6,8	9,9	5,7
Non poder atopar un traballo de xornada completa	68	15,2	52,8	38,5	43,9
Non querer un traballo de xornada completa	19,5	4,1	15,4	10,4	12,8
Outras razóns	12,5	5,6	6,9	14,2	5,7
Non sabe o motivo	1,3	0,5	0,9	1,3	0,7

Fonte: EPA. INE.

No segundo trimestre de 2025, o 75,5% das persoas ocupadas con xornada parcial en Galiza eran mulleres.

A presenza feminina nas xornadas a tempo parcial continúa a ser maioritaria e apenas experimenta variacións dun ano para outro, do mesmo xeito que tampouco varían de maneira significativa os motivos alegados para optar por este tipo de xornada.

Tanto para homes como para mulleres o principal motivo para non traballar a xornada completa é non atopar un emprego con esas condicións. Así o manifestan o 38,5% dos homes e o 43,9% das mulleres. Aínda que este é o motivo principal en ambos os casos, a diferenza porcentual evidencia que as mulleres atopan maiores dificultades para acceder a empregos a tempo completo.

A fenda de xénero faise especialmente visible no segundo motivo alegado. No caso das mulleres, o coidado de persoas dependentes impide traballar a xornada completa ao 21% das ocupadas a tempo parcial. Entre os homes, esta razón só afecta ao 6,3%. En termos absolutos, isto supón 25.300 mulleres fronte a 2.500 homes, reflectindo unha clara desigualdade na distribución das responsabilidades de coidado.

Para os homes é un maior impedimento, seguir cursos de ensinanza ou formación.

Poboación parada

Xunto coas persoas ocupadas, as persoas en situación de desemprego completan o conxunto da poboación activa.

A evolución deste colectivo no último ano, segundo o sexo, foi a seguinte:

Poboación parada segundo sexo. Datos en miles.

	Poboación parada		Absoluta	%
Total	118,3	106,6	-11,7	-9,9%
Homes	56,9	51,5	-5,4	-9,5%
Mulleres	61,5	55,2	-6,3	-10,2%

Fonte: EPA. INE.

No que atinxe á poboación parada, esta descendeu tanto entre os homes como entre as mulleres. En 2025, a media anual sitúase en 106.600 persoas desempregadas, un 9,9% menos que no ano anterior.

No caso das mulleres, o descenso foi de 6.300 persoas, o que supón unha redución do 10,2% respecto de 2024.

Entre os homes, cunha redución do 9,5%, 5.400 homes menos desempregados.

Entre a poboación masculina, a diminución do paro non se explica tanto por un incremento da ocupación —xa que a medra foi moi limitada, apenas 1.400 homes máis con emprego que no ano anterior— como por unha redución da poboación activa masculina. Hai menos homes en activo que en 2024 e máis en situación de inactividade.

Pola contra, no caso das mulleres, o descenso do desemprego débese en maior medida ao aumento da ocupación, e polo tanto da poboación activa.

Como resultado desta evolución, o 48,3% da poboación parada son homes, fronte ao 48,1% que representaban en 2024. As taxas de paro sitúanse como segue:

Taxa de paro segundo sexo.

	Taxa de paro	
	2024	2025
	Total	Total
Total	9,4	8,3
Homes	8,8	8
Mulleres	10	8,7

Fonte: EPA. INE.

No que atinxe ás taxas de paro, reducíronse tanto entre os homes como entre as mulleres; en maior medida entre as mulleres, onde se estima 1,3 puntos inferior que en 2024.

A taxa de paro feminina sitúase no 8,7% da poboación activa, sete décimas superior a masculina que rematou 2025 nunha taxa do 8%.

Poboación inactiva

No que atinxe á poboación inactiva, neste último ano 2025, reduciuse un 0,1%, 1.600 persoas menos inactivas que no ano anterior.

Poboación inactiva segundo sexo. Datos en miles

	2024	2025	Variación	
	Inactivos	Inactivos	Absoluta	%
Total	1.109,70	1.108,10	-1,6	-0,1%
Homes	482,3	493,7	11,4	2,4%
Mulleres	627,4	614,4	-13	-2,1%

Fonte: EPA. INE.

A evolución da poboación inactiva foi moi desigual segundo o sexo: mentres entre os homes aumentou, entre as mulleres diminuíu. Concretamente, hai 13.000 mulleres menos inactivas e 11.000 homes máis.

A pesar desta evolución, o peso das mulleres continúa a ser superior ao dos homes entre a poboación inactiva. En 2025, o 55% das persoas inactivas son mulleres.

O peso maioritario das mulleres na poboación inactiva vai diminuindo a medida que se incorporan ao mercado de traballo e conseguen compatibilizar as labores do fogar co emprego remunerado. No ano anterior, o peso das mulleres entre a poboación inactiva situábase no 56%, o que reflicte un descenso progresivo e unha tendencia á maior participación feminina na vida laboral.

Principais causas da inactividade segundo sexo.

			Homes/	Mulleres/		
	Total	Homes	Mulleres	total	total	
Total	1108,125	493,75	614,4			
Estudante	174,55	83,7	90,85	17,0	14,8	
Xubilado/a	557,85	305,85	252	61,9	41,0	
Labores do fogar	158,7	23,85	134,9	4,8	22,0	
Incapacitado permanente	68,3	40,2	28,125	8,1	4,6	
Percibindo una pensión distinta da de xubilación	123,5	24,85	98,65	5,0	16,1	
Outra	25,225	15,3	9,925	3,1	1,6	

Fonte: EPA. INE.

As causas de inactividade difiren notablemente entre homes e mulleres. Entrambos os sexos, a razón maioritaria de inactividade é a xubilación. No caso dos homes, o 61,9% indica esta causa, mentres que entre as mulleres só alcanza ao 41%. Con todo, esta causa está a medrar tamén entre as mulleres, reflectindo o incremento do número de mulleres xubiladas.

A segunda causa de inactividade feminina é a dedicación aos “labores da casa”, motivo que afecta ao 22% das mulleres inactivas. Entre os homes, apenas o 4,8% se atopan nesta situación, o que evidencia a persistente desigualdade na distribución das tarefas domésticas. De feito, estímase que o 85% das persoas incluídas nesta categoría son mulleres.

Onde se observan máis similitudes entre sexos é na categoría de estudantes, con diferenzas mínimas: o 17% dos homes e o 14,8% das mulleres declaran que a súa inactividade se debe aos estudos.

Entre xubiladas e con pensión distinta da de xubilación, hai máis de 350.000 mulleres en Galiza, de aí a importancia de estudar a súa situación.

Pensionistas e pensións medias.

En Galiza, as pensións xestionadas no ano 2024 —último dato dispoñible— foron 783.205. Destas, o 54% corresponde a mulleres, mentres que o 46% restante foi percibido por homes. Cómpre ter en conta que unha mesma persoa pensionista pode percibir máis dunha pensión.

Número de pensións e importe medio segundo xénero

	2023	2024	Variación%
Número			
Ambos sexos	775.817	783.205	0,95

Homes	355.685	358.733	0,86
Mulleres	420.130	424.470	1,03
Importe medio (euros)			
Ambos sexos	1.026,32	1.082,46	5,47
Homes	1.254,78	1.317,81	5,02
Mulleres	832,9	883,55	6,08
Fenda das pensións			
	33,6	33,0	

Fonte: Pensións e outras prestacións. IGE

En Galiza, hai máis mulleres que homes percibindo unha pensión no ano 2024, e ademais a incorporación de novas pensións durante o último ano tamén foi superior entre as mulleres. Con respecto a 2023, aumentou un 1% o número de pensións a nome de mulleres, mentres que no caso dos homes o incremento foi do 0,8%.

No que atinxe ao importe medio das pensións, continúa existindo unha fenda de xénero significativa. No ano 2024, a pensión media das mulleres foi un 33% inferior á dos homes: 1.317 € mensuais para un home fronte a 883 € para unha muller, o que supón 434 € menos ao mes. En 2023, a diferenza era de 421 €, polo que a fenda en termos absolutos vai incrementándose.

Non é un único factor o que explica esta diferenza. Inflúe o tipo de pensión percibida —non é o mesmo recibir unha pensión por xubilación que por viuvez—, pero sempre está detrás a vida laboral das persoas. Unha vida laboral precaria, con menos anos cotizados e con baixas bases de cotización, tradúcese finalmente nunha pensión baixa. En definitiva, o importe da pensión é un reflexo directo de toda a vida laboral de cada persoa.

As mulleres cotizan, de media, menos anos que os homes.

Anos cotizados segundo sexo e idade.

	2023			
	Total	Homes	Mulleres	Diferenza mulleres /homes
Menor de 25 anos	1,2	1,3	1,1	-0,2
De 25 a 34	5,39	5,59	5,16	-0,43
De 35 a 44	13,36	14,05	12,64	-1,41
De 45 a 54	20,54	22,24	18,77	-3,47
De 55 a 64	27,31	30,56	23,97	-6,59
Máis de 65	29,9	35,1	24,9	-10,2

Fonte: Mostra continúa de vidas laborais. IGE

Entre a poboación máis nova, por debaixo dos 25 anos, xa se detectan diferenzas nos anos cotizados entre homes e mulleres. Nesta cohorte, a fenda é de aproximadamente 2 meses.

Conforme a poboación vai envellecendo, a diferenza amplíase de forma significativa, e xa na idade de xubilación, ou nos anos próximos, a fenda supera os 10 anos a favor dos homes.

Se a esta menor duración de cotización se engade unha base de cotización inferior, concíbense as condicións para que a pensión final sexa notablemente baixa. Estes factores combinados explican, en boa medida, a persistente fenda de xénero nas pensións.

Media das bases de cotización por sexo e idade.

Media				
2023				
	Total	Homes	Mulleres	Diferenza mulleres/homes
Total	1.895	2.055	1.746	-309
De 16 a 24 anos	1.211	1.325	1.090	-235
De 25 a 34 anos	1.726	1.811	1.644	-167
De 35 a 44 anos	1.946	2.100	1.810	-290
De 45 a 54 anos	2.040	2.254	1.847	-407
De 55 a 64 anos	2.087	2.306	1.873	-433
65 ou máis anos	2.121	2.348	1.929	-419

Fonte: Mostra continúa de vidas laborais. IGE

De media, en 2023, as mulleres cotizaron á Seguridade Social 309 euros menos que os homes; no ano anterior, a diferenza era de 285 euros. Isto evidencia que a fenda de xénero nas cotizacións continúa ampliándose cada ano.

Fenda que non discrimina por idade. En todos os grupos de idade as bases de cotizacións das mulleres son sensiblemente inferiores ás dos homes; incluso entre a poboación máis nova, con niveles de formación das mulleres superiores ás dos homes, a diferenza é importante.

Isto explícase pola maior precariedade laboral: maior parcialidade e temporalidade na contratación, xunto coa elevada presenza feminina en actividades de baixos salarios, tradúcense, en menos anos cotizados e bases de cotización máis cativas, o que ao final da vida laboral, redunda nunha pensión de xubilación ou de incapacidade substancialmente inferior á dos homes.

Ademais, existe un grupo considerable de mulleres cuxa pensión non deriva directamente do seu traballo, senón do cónxuxe —como ocorre no caso das pensións de viuvez— ou da de ter coidado a familiares, caso das de A favor de familiares, o que tamén marca importantes diferenzas.

Número de pensións contributivas e importe medio segundo sexo.

	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	
	2024			Diferenza
Total				
Número	783.205	358.733	424.470	65.737
Importe medio (euros)	1.082,46	1.317,81	883,55	-434
Incapacidade permanente				

Número	79.119	49.353	29.766	-19.587
Importe medio (euros)	1.056,67	1.121,03	949,96	-171
Xubilación				
Número	490.000	275.458	214.541	-60.917
Importe medio (euros)	1.239,53	1.450,54	968,61	-482
Viuvez				
Número	183.922	18.938	164.983	146.045
Importe medio (euros)	764,52	527,81	791,69	264
Orfandade				
Número	23.253	12.387	10.866	-1.521
Importe medio (euros)	500,37	500,8	499,88	-1
Favor familiares				
Número	6.911	2.597	4.314	1.717
Importe medio (euros)	660,31	636,42	674,69	38

Fonte: Pensións e outras prestacións. IGE

Só nas pensións que non están ligadas ás bases de cotización, como son as de orfandade e as A favor de familiares, non se observan diferenzas por razón de xénero nos importes. No resto das pensións, as diferenzas son cuantiosas.

De media, unha muller pensionista percibe 434 euros menos que un home. No caso das pensións de xubilación, que dependen exclusivamente da vida laboral da persoa, a diferenza aumenta até 482 euros. Porén, nas pensións de viuvez —cuxa contía se calcula en relación á base de cotización do cónxuxe— o importe medio que perciben as mulleres é superior ao dos homes, concretamente 264 euros en 2024. Isto significa que, ao morrer, unha muller xera unha pensión de viuvez 264 euros inferior á que xera un home.

Son precisamente as pensións de viuvez as que elevan o número de mulleres receptoras dunha pensión en Galiza por encima dos homes. Hai 146.045 mulleres máis que homes percibindo este tipo de pensión, e o 90% das pensións de viuvez corresponden a mulleres. Tamén nas pensións a favor de familiares a presenza feminina é maioritaria, representando o 62,4% do total.

Tanto as pensións de viuvez como as a favor de familiares teñen contías baixas e, ao estar moi feminizadas, contribúen a aumentar a fenda de xénero nas prestacións.

Xunto ás pensións contributivas, conviven as non contributivas, destinadas ás persoas cuxa vida laboral non lles permite acceder a unha pensión contributiva, ben por non ter os anos mínimos cotizados ou, en casos extremos, por non ter cotizado en absoluto.

Trátase dunha prestación de mínima subsistencia.

Pensións non contributivas e importe medio segundo sexo.

2024			RISGA	AIS
	Invalidez	Xubilación		
Total	12.123	24.398	4.896	3.270
Homes	6.127	6.456	1.805	1.123
Mulleres	5.996	17.942	3.091	2.147

% mulleres	49,5	73,5	63,1	65,7
-------------------	------	------	------	------

Fonte: Pensións e outras prestacións. IGE

Son prestacións con marcado carácter feminino. Salvo as de invalidez, no resto a prevalencia das mulleres é absoluta.

Son prestación de contía moi baixa que abocan as persoas receptoras á pobreza.

Dada a elevada proporción de mulleres en activo con ingresos baixos, incluso por debaixo do Salario Mínimo Interprofesional, así como de mulleres con pensións contributivas moi reducidas ou con pensións non contributivas, resulta lóxico que a pobreza en Galiza teña rostro feminino. Segundo a Enquisa Estrutural de Fogares, no ano 2024 o 15,5% das mulleres en Galiza atopábanse en risco de pobreza ou exclusión social, evidenciando a persistente desigualdade económica de xénero no noso país.

Natividad López Gromaz

(Gabinete Técnico Confederal CIG)